

## **Memoria xustificativa convenio de colaboración entre Augas de Galicia e os concellos de Ribadeo e Trabada para a execución da actuación de "Mellora do abastecemento a Ribadeo e Trabada. Ribadeo e Trabada (Lugo), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), nun 60% do gasto elixible, no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027**

### **1. Antecedentes**

Os concellos de Ribadeo e Trabada teñen atribuídas competencias en materia de abastecemento de auga potable, de acordo co establecido nos artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma, en concreto nos artigos 81 a) e 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, e nos artigos da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que regulan o reparto competencial en materia de abastecemento.

Con referencia a esta última lei, os artigos 5.1 a) e 27.1 establecen como competencia das entidades locais o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario. Ademais, o artigo 27.2 establece a competencia das entidades locais en materia de elaboración e aprobación de proxectos de obras e execución de infraestruturas cando se trate de obras da súa competencia así como a explotación dos servizos da súa competencia.

A entidade pública Augas de Galicia, creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias atópanse, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos municipios (artigo 31.1) e a supervisión das redes básicas de abastecemento en alta (artigo 31). En calquera caso, as competencias de Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1.f)).

### **2. Obxectivos que se pretenden**

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e os concellos de Ribadeo e Trabada que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na "Mellora do abastecemento a Ribadeo e Trabada. Ribadeo e Trabada (Lugo)", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

### **3. Necesidade de colaboración, razón de oportunidade, xustificación da non concorrencia e da selección da operación**



O Concello de Ribadeo ten a súa captación principal de auga no río Eo, no termo municipal de Trabada, onde se sitúa a estación de tratamento de auga potable dende a que se impulsa a auga a un depósito situado tamén neste mesmo termo municipal e desde onde se subministra auga ás vivendas do concello de Trabada situadas na contorna e se conduce a auga ao Concello de Ribadeo.

A tubaxe de condución executouse fai uns 40 anos e está actualmente deteriorada, con frecuentes roturas e avarías que poñen en risco constantemente a subministración de auga ao Concello de Ribadeo.

Por este motivo e coa finalidade de garantir a subministración de auga, Augas de Galicia, en colaboración cos concellos, redactou un proxecto construtivo para executar unha nova tubaxe de condución e, con iso, mellorar a rede de abastecemento a Ribadeo.

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento terá por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

A Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, ten por finalidade contribuír a garantir a satisfacción das necesidades básicas do uso da auga, en condicións axeitadas de cantidade e calidade, e a protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e terrestres asociados. En concreto, a lei persegue a mellora da eficiencia na prestación dos servizos públicos relacionados co ciclo integral da auga; e establece como un dos principios de actuación na xestión do ciclo integral da auga a cooperación entre as administracións públicas, a través da corresponsabilidade e do cofinanciamento, en función da súa capacidade económica, na programación dos investimentos para a mellora do ciclo integral da auga.

O artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Así mesmo, o artigo 30 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato xeral de colaboración entre administracións coa finalidade de acadar os obxectivos das políticas de abastecemento, saneamento e depuración, para o que dispón a celebración dos convenios precisos, sen prexuízo da utilización doutras posibles técnicas de colaboración.



Por outra banda, a actuación de mellora do abastecemento a Ribadeo e Trabada forma parte da planificación de operacións de execución directa de Augas de Galicia, aprobada en novembro de 2024, e foi seleccionada para a súa execución en base ao cumprimento dos requisitos establecidos no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027. Concretamente, está incluída na liña de actuación L2.5.02, que se centra no "Aumento da resiliencia dos sistemas de abastecemento. Sistemas de carácter supramunicipal". A súa selección está xustificada pola súa aliñación coas prioridades do obxectivo específico RSO2.5, que fomenta o acceso á auga e unha xestión hídrica sostible, ademais de contribuír á mitigación dos efectos do cambio climático. Deste xeito, a mellora da infraestrutura hidráulica é esencial para garantir un abastecemento adecuado e resiliente para os municipios, especialmente tendo en conta o deterioro das infraestruturas actuais, que representan un risco constante para a continuidade do servizo.

Ademais, a actuación foi escollida tras un proceso de selección que avaliou a súa viabilidade técnica e a súa capacidade de xerar un impacto positivo no cumprimento dos obxectivos de sustentabilidade e adaptación ao cambio climático. No marco deste proceso, cumpríronse os requisitos establecidos polos órganos responsables da xestión dos fondos europeos, garantindo que a actuación se atope en total coherencia cos plans e políticas autonómicas en materia de abastecemento de auga. Así, a colaboración entre Augas de Galicia e os concellos de Ribadeo e Trabada non só resulta necesaria, senón tamén oportunamente enmarcada nunha estratexia máis ampla de optimización dos recursos e mellora dos servizos públicos de abastecemento, asegurando o uso axeitado dos fondos FEDER e a súa adecuación ás necesidades reais da poboación.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

#### 4. Estimación de custos e financiamento

O investimento total das actuacións obxecto deste convenio ascende a oito millóns cincocentos mil euros (8.500.000,00€).

Augas de Galicia asume o 80% do investimento total e o concello de Ribadeo o 20% do investimento total.

A execución das obras de referencia serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 60% do gasto elixible no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027. A actuación enmárcase dentro do Programa Operativo no Obxectivo Político 2 "Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara unha economía con cero emisións netas de carbono e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible", Prioridade P2A "Transición verde", Obxectivo Específico RSO2.5 "Fomento do acceso á auga e dunha xestión hídrica sostible", Liña de actuación 02.5.02 "Aumento da resiliencia dos sistemas de abastecemento supramunicipais."

Os gastos que se xeren en execución deste convenio terán dous tramos diferentes de financiamento:



a) Gasto non elixible, que suporá aproximadamente un 20% do investimento total, que se financiará do seguinte xeito:

- O concello de Ribadeo financiará exclusivamente este tramo cunha achega de 1.700.000,00€ (modalidade de gasto 3130).
- O resto do gasto non elixible será financiado por fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia (modalidade de gasto 1510).

b) Gasto elixible, que suporá aproximadamente un 80% do investimento total e que será financiado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 ao 60%. O cofinanciamento do 40% do gasto elixible farase íntegramente con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.

O custo total da actuación de referencia contemplada neste convenio ascende a oito millóns cincocentos mil euros, coa seguinte previsión inicial de anualidades de gasto:

Ano	Importe (en euros)
2025	516.856,41
2026	6.202.276,91
2027	1.780.866,68
TOTAL	8.500.000,00

Augas de Galicia asume os compromisos económicos que se deriven da execución das obras segundo a previsión inicial de anualidades de gastos indicada anteriormente sen prexuízo dos pagos que debe realizar o Concello de Ribadeo para financiar a súa achega económica.

Neste sentido, o elevado custo que supón para o concello a financiación das actuacións obxecto do convenio fai necesario establecer un calendario de pagos que permitan ao concello financiar a súa achega económica mediante o pago dunha cantidade fixa durante as anualidades de vixencia do convenio.

Para financiar a súa achega Augas de Galicia prevé dispoñer de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

O Concello de Ribadeo asume o compromiso económico de pagar 1.700.000,00€, de acordo co seguinte calendario de pagos:

Ano	Importe (en euros)
2026	340.000,00
2027	340.000,00
2028	340.000,00
2029	340.000,00
2030	340.000,00
TOTAL	1.700.000,00



A execución destas obras, a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación non levarán asociados ningún gasto para o Concello de Trabada.

## 5. Execución das obras

A execución da obras financiadas a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 finalizará antes do 31.12.2029.

## 6. Vixencia do convenio

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2030, podendo ser prorrogado coa subscrición da correspondente addenda. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

O prazo de vixencia do convenio supera o límite inicial de 4 anos, establecido polo artigo 49 h) 1º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. Se ben, o informe do 11.12.2017, da Avogacía do Estado determina que existe base normativa suficiente para aplicar a excepción prevista no citado artigo 49 h) 1º.

Así, por unha banda, respecto dos convenios de execución e financiación de infraestruturas hidráulicas, conclúe que poden ter unha duración superior a 4 anos, partindo da premisa de que na actualidade non existe ningunha norma en sentido técnico-xurídico que estableza de forma expresa cal ten que ser o prazo dos convenios que celebren as sociedades de augas, o informe considera que o espírito da Lei de augas (en particular, dos artigos 46.5, 111. bis. 1 e 3, 124.4, 125.1, 131.4 e 132.2), permite concluír que os convenios para a construción e o financiamento de obras hidráulicas poden ter unha duración superior a catro anos por existir o suficiente amparo normativo para considerar aplicable a excepción prevista no artigo 49. h).1º da LRJSP.

Achégase ligazón ao referido informe da Avogacía do Estado

[https://www.boe.es/buscar/abrir\\_abogacia.php?id=ANALES\\_17\\_0007.pdf](https://www.boe.es/buscar/abrir_abogacia.php?id=ANALES_17_0007.pdf)

O prazo de vixencia neste suposto, cal é a execución dunha obra hidráulica, non atenta contra o espírito e finalidade da limitación de prazo que establece a LRXSP, en tanto que a súa única finalidade é facilitar a execución das actuacións en que consiste o Convenio.

Consonte ao disposto no artigo 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública, a facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e á realización de actividades de utilidade pública.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
O director de Augas de Galicia  
Roi Fernández Añón

